

Jerónimo Puertas Agudo
Vicerreitoría de Investigación e Transferencia da UDC

O 5 de marzo de 2025 a directora da Axencia Galega de Innovación ditou a seguinte resolución:

"En relación coa subvención concedida a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do programa de Comunicación Cuántica dos Plans Complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, resultan os seguintes

FEITOS

Primeiro.- Mediante Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación (CPCTI), do 8 de novembro de 2021, aprobouse o acordo polo que se establece o marco para a implementación dos Plans Complementarios que forman parte do compoñente 17 do PRTR. No punto segundo deste Acordo establécese que os programas de I+D+i contarán para a súa execución coas achegas do Ministerio de Ciencia e Innovación (MICIN), con cargo aos fondos do PRTR, e con achegas das Comunidades Autónomas. En concreto para Galicia e para o programa de Comunicación Cuántica establécese unha dotación de fondos do PRTR de 6.210.904 € e unha achega da Comunidade Autónoma de 3.409.098 €.

No Anexo III do citado Acordo recóllese o plan de traballo e o financiamento deste programa desglosando os diferentes conceptos de gasto elixibles con cargo á achega do Ministerio e as achegas das Comunidades Autónomas. En concreto, para Galicia establece:

Entidade Financiadora	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
MICIU - MRR	1.164.846 €	3.527.438 €	708.502 €	810.118 €	6.210.904 €
C.A.GALICIA	530.807 €	2.351.446 €	447.223 €	79.622 €	3.409.098 €
Total	1.695.653 €	5.878.884 €	1.155.725 €	889.740 €	9.620.002 €

Posteriormente, o 3 de maio de 2022, o Comité de Coordinación do Plan Complementario de Comunicación Cuántica, de conformidade co establecido no punto 1.b da decisión adoptada o 22 de febreiro de 2022 pola Comisión de Seguimento do Acordo do CPCTI autorizou a modificación do citado financiamento da forma indicada:

1ª Modificación					
Entidade Financiadora	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
MICIU - MRR	1.352.885 €	3.560.483 €	487.418 €	810.118 €	6.210.904 €
C.A.GALICIA	572.007 €	2.441.531 €	309.758 €	85.802 €	3.409.098 €
Total	1.924.892 €	6.002.014 €	797.176 €	895.920 €	9.620.002 €

Segundo.- O 29 de xuño de 2022 asinouse o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN), a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), Universidade de Vigo (UVIGO) e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización do Programa de Comunicación Cuántica dentro dos Plans Complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (adendado o 3 de maio de 2023).



No anexo II do citado convenio recollese a distribución dos fondos MRR entre os conceptos de gasto previstos conforme a autorización do Comité de Coordinación do Programa de Comunicación Cuántica do 3 de maio de 2022 (1ª modificación):

1ª Modificación					
Orzamento (€) - MRR	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
Fundación CESGA	280.706	181.336	400.459	129.376	991.877
USC	157.039	21.298	9200	28.130	215.667
UVIGO	884.140	3.346.102	77.759	646.200	4.954.201
UDC	31.000	11.747		6.412	49.159
Total	1.352.885	3.560.483	487.418	810.118	6.210.904

Terceiro.- Por Resolución da Dirección de GAIN do 5 de abril de 2024, previa autorización do Comité de Coordinación do PCCC do 3 de abril de 2024, modificouse a distribución dos fondos entre conceptos de gasto establecida no anexo II do convenio, no sentido indicado:

2ª Modificación					
Orzamento (€) -MRR	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
Fundación CESGA	92.977,03	312.000,00	457.524,70	129.375,27	991.877,00
USC	157.027,68	21.298,00	9.210,84	28.130,48	215.667,00
UVIGO	1.509.368,18	2.866.037,30	0,00	578.795,52	4.954.201,00
UDC	33.500,00	9.246,96	0,00	6.412,04	49.159,00
Total	1.792.872,89	3.208.582,26	466.735,54	742.713,31	6.210.904,00

Cuarto.- Por Resolución da Dirección de GAIN do 1 de outubro de 2024, previa autorización do Comité de Coordinación do PCCC do 26 de setembro de 2024, modificouse a distribución dos fondos entre conceptos de gasto establecida no anexo II do convenio, no sentido indicado:

3ª Modificación					
Orzamento (€) -MRR	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
Fundación CESGA	90.529,00	311.900,00	460.073,00	129.375,00	991.877,00
USC	157.027,68	21.298,00	9.210,84	28.130,48	215.667,00
UVIGO	1.775.866,10	2.599.539,38	0,00	578.795,52	4.954.201,00
UDC	40.174,96	2.572,00	0,00	6.412,04	49.159,00
Total	2.063.597,74	2.935.309,38	469.283,84	742.713,04	6.210.904,00

Quinto.- Na reunión da Comisión de Seguimento e Coordinación do convenio celebrada o 25 de febreiro de 2025, a Fundación CESGA, a USC, a UVIGO e a UDC manifestaron e xustificaron a necesidade de redistribuír o orzamento do convenio da forma que se indica a continuación para poder garantir o cumprimento dos obxectivos marcados no mesmo.



4ª Modificación - Proposta

Orzamento (€) -MRR	Custos				
	Persoal	Equipamento	Outros gastos	indirectos	Total
Fundación CESGA	143.358,58	311.900,00	407.243,42	129.375,00	991.877,00
USC	160.352,07	20.382,00	6.802,45	28.130,48	215.667,00
UVIGO	1.668.866,10	2.706.539,38		578.795,52	4.954.201,00
UDC	37.692,75	2.572,00	2.482,21	6.412,04	49.159,00
Total	2.010.269,50	3.041.393,38	416.528,08	742.713,04	6.210.904,00

A Comisión de Seguimento e Coordinación, tendo en conta que non se altera o obxecto nin o orzamento total do convenio, mostrou a súa conformidade cos cambios expostos e decidiu propor á Dirección de GAIN a modificación da distribución dos fondos entre conceptos de gasto asignados ao mesmo condicionada a autorización do Comité de Coordinación do Programa de Comunicación de conformidade co establecido na cláusula cuarta do convenio.

Sexto.- O Comité de Coordinación do Plan Complementario de Comunicación Cuántica, na súa reunión do 27 de febreiro de 2025, de conformidade co establecido no punto 1.b da decisión adoptada o 22 de febreiro de 2022 pola Comisión de Seguimento do Acordo do CPCTI autorizou a cuarta modificación do financiamento para Galicia da forma indicada.

4ª Modificación					
Entidade Financiadora	Persoal	Equipamento	Outros gastos	Custos indirectos	Total
MICIU - MRR	2.010.269,50	3.041.393,38	416.528,08	742.713,04	6.210.904,00
C.A.GALICIA	482.828,72	2.189.792,30	668.319,16	68.157,82	3.409.098,00
Total	2.493.098,22	5.231.185,68	1.084.847,24	810.870,86	9.620.002,00

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro.- Na cláusula cuarta do convenio sinalase que:

Co fin de facilitar a execución do programa a petición da/s entidade/s beneficiaria/s poderá modificarse a distribución dos créditos entre anualidades establecida na cláusula segunda. O acto polo que se acorde esta modificación será ditado pola Dirección de GAIN, previo informe favorable da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula oitava do convenio e a tramitación do correspondente expediente económico, sen incrementar o importe total da axuda concedida.

Así mesmo, poderá modificarse por resolución da dirección de GAIN a redistribución da axuda concedida entre os diferentes conceptos de gasto (persoal, equipamento, outros gastos) previstos no Anexo II. Requirirase o informe favorable da Comisión de Seguimento prevista no apartado Oitavo - Gobernanza do citado Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica e Innovación do 8 de novembro de 2021 naqueles casos nos que as normas de funcionamento da dita Comisión así o establezan.

Conforme ao acordo adoptado pola comisión de seguimento do acordo do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica e Innovación non se considera modificación substancial a redistribución do gasto entre as diferentes partidas (persoal, equipamento, outros gastos), sempre que sexa inferior ao 20% do total e non afecte aos obxectivos do programa correspondente. Neste caso, informarase a citada comisión de seguimento.

Todas estas modificacións deberán ser propostas previamente á Comisión de Seguimento e Coordinación do presente convenio.



Segundo.- De conformidade co establecido no punto 1.b da decisión adoptada o 22 de febreiro de 2022 pola Comisión de Seguimento do Acordo do Consejo de Política Científica, Tecnológica y de Innovación (CPCTI) delegase nos Comités de Coordinación dos Plans Complementarios a autorización para as redistribucións de gasto entre as diferentes partidas (persoal, equipamento, outros gastos) inferiores ao 20% do total e que non afecten aos obxectivos do Programa correspondente.

Terceiro.- Entre as funcións da comisión de seguimento e coordinación previstas na cláusula oitava do convenio figura a de *propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables así como na distribución dos fondos por anualidades, sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.*

De acordo con todo o que antecede,

RESOLVO:

1. **Modificar a distribución dos fondos entre conceptos de gasto** da axuda concedida a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento do programa de Comunicación Cuántica dos Plans Complementarios de I+D+i do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no convenio asinado o 29 de xuño de 2022, no sentido indicado:

4ª Modificación

Orzamento (€) -MRR				Custos	
	Persoal	Equipamento	Outros gastos	indirectos	Total
Fundación CESGA	143.358,58	311.900,00	407.243,42	129.375,00	991.877,00
USC	160.352,07	20.382,00	6.802,45	28.130,48	215.667,00
UVIGO	1.668.866,10	2.706.539,38		578.795,52	4.954.201,00
UDC	37.692,75	2.572,00	2.482,21	6.412,04	49.159,00
Total	2.010.269,50	3.041.393,38	416.528,08	742.713,04	6.210.904,00

Contra esta resolución, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Presidente da Axencia Galega de Innovación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.”

O director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Benito Fernández Rodríguez

